



Votamos **en contra da suba de impostos** que veñen de aprobar o PSOE e o BNG pola repercusión que vai ter sobre todos e todas nós, que xa eramos os galegos que máis impostos pagabamos e os que tiñamos o segundo IBI máis alto da comunidade. Por exemplo, haberá **incrementos do IBI de ata un 140%** para preto de 15,5 millóns de metros cadrados de **terreos rústicos en áreas de expansión** que agora deberán pagar como **superficie urbana**, aínda que sen gozar dos dereitos desa clasificación ata que se esgoten as áreas do núcleo. Para corrixir esta situación, presentaremos unha **proposta de bonificación** para as persoas afectadas por este cambio. Non podemos apoiar esta suba, que tamén se dará na **plusvalía** (ata un 20%) ou na

das **taxas da auga e o alcantarillado** (25%), mentres o goberno local non diga a que vai destinar os **4,5 millóns de euros adicionais** que vai recadar cada ano. É máis: este aumento podía terse evitado cunha **boa xestión económica** que realmente atendesese ás preocupacións e necesidades do noso municipio. A calquera que se lle pregunte, a bo seguro diría que edificios

ou dotacións sen uso coma as **Caldas do Miño**, o **Impulso Verde** ou o **carril bici** non eran prioritarios.

A suba de taxas tamén obedece a outras tres circunstancias que quero que coñezas: **remataron cos aforros** ao dilapidar os 52 millóns de euros que había en remanentes de tesourería en 2019; teñen un **descontrol económico** que se viu claramente ás portas das últimas eleccións municipais (no ano 2023 gastaron máis de 15 millóns de euros) e ven-se obrigados a recorrer a un **préstamo de 13,5 millóns de euros** para financiar futuros investimentos.



Elena Candia López
Voceira do PP no Concello de Lugo

O QUE CONSEGUIMOS NO ÚLTIMO TRIMESTRE



Inicio das obras da Xunta para a estación intermodal para a estación intermodal

A finais deste verán a administración autonómica comezou a construción dunha **nova estación de autobuses** e dun **aparcamento subterráneo con 240 prazas** ao abeiro do convenio asinado entre a Xunta, Adif e o Concello por importe de máis de **49 millóns de euros**. En paralelo, desenvólvense as obras da estación de ferrocarril, que só serán útiles se hai máis servizos.

Apoio a proxectos sociais pioneiros na provincia



A Xunta colaborou economicamente na construción do primeiro **centro de día especializado** na atención a persoas con trastorno do espectro autista de toda a provincia, da que é responsable a entidade Raiolas. Ademais do respaldo na obra, a Xunta tamén **financia 10 das 15 prazas de atención diurna** que se ofrecen neste edificio recentemente inaugurado.



Ampliación do parque empresarial das Gándaras

Este polígono industrial vai sumar preto de 143.000 m² distribuídos en **38 novas parcelas** grazas a un **investimento de máis de 7,5 millóns de euros** por parte da Xunta. Esta intervención vaise acompañar dun forte apoio para as empresas que se instalen alí, xa que durante os primeiros **oito anos** de vida do seu proxecto **non terán que pagar custe ningún polo solo**.



Elaboración dun documento de información turística



Conscientes da importancia de desestacionalizar o turismo, promovemos unha **guía dixital** con textos en **tres idiomas** na que achegamos os principais argumentos para visitar o Concello. É unha iniciativa **aberta á participación** da sociedade luguesa coa que queremos reivindicar as nosas singularidades, coma os **tres Patrimonios da Humanidade** cos que contamos.



Novas e mellores prazas para as persoas maiores

Grazas ao compromiso da Xunta, comezou a funcionar a **nova residencia de San Antonio de Padua, con 120 prazas** e servizos de comedor, podoloxía, ximnasio, lavandería e perruquería. Ademais, a Xunta tamén prevé investir 7 millóns de euros na **reforma integral da residencia das Gándaras** e outro millón para a mellora da **residencia de maiores da Milagrosa**.

Compromiso con iniciativas para dinamizar o municipio



Continuamos respaldando distintos proxectos que contribúen á actividade económica e á xeración e mantemento de emprego no noso Concello. A Xunta implícase moi activamente no financiamento e na promoción de iniciativas de tipo **cultural** (Caudal Fest ou festas da Tinería), **deportivo** (Copa Galicia de Baloncesto) ou **formativo** (Emprega Fest), entre outras moitas.



DESMONTANDO O PSOE...

8 exemplos que avalan que estamos diante dun goberno que **non escoita e que bloquea** o presente e o futuro do Concello:

1. Agradecemos o apoio de colectivos e persoas veciñas nas accións que levamos a cabo para conseguir a **apertura do Auditorio de Magoi**. Parece que a nosa presión surtiu efecto para mobilizar a inauguración desta dotación que leva **pechada 4 anos e 3 meses** dende que a actual alcaldesa a recibiu.



2. As obras de **peonalización do casco histórico** sofren novos retrasos que prexudican ao **comercio local** de cara á campaña do Nadal, debido á existencia de **problemas económicos, técnicos e xurídicos**. Pedimos máis **axilidade e transparencia** nesta intervención.

Seguimos sen servizo de **reparación de fugas de auga 24 horas**, fin de semana e festivos. Unha das consecuencias desta situación é que **preto dun 45% da auga** que se trata e se verte na rede de abastecemento pérdese nestas fugas ou consumos ocultos.

4. Gastan **máis recursos** no departamento de **urbanismo** pero moitas cuestións básicas seguen pendentes: continuamos sen **atención presencial** e sen unificar os **critérios interpretativos**. Isto demostra que o goberno local ten convertido o Concello nunha **administración pouco colaboradora**.

A mala xestión afecta á economía municipal: o **Centro Aquilino Iglesia Alvaríño** inaugurouse en 2023 e un ano e medio despois desvían 200.000€, reservados para o ciclo da auga, para pagar débedas da súa construción. Ademais recoñecen unha débeda de 1.5M€ dunha factura de **Urbaser** do 2022.



Un ano despois do fatídico accidente ocorrido nun **paso a nivel de Recimil**, as **obras de supresión de tres pasos** en diversas localizacións do municipio están paralizadas sen que a alcaldesa conseguira que o goberno socialista de Madrid axilizase esta intervención por culpa da súa **falta de liderado**.

7. En febreiro de 2023, a área de gobernanza, dirixida pola hoxe alcaldesa, autorizou un convenio coa Diócese para crear **40 prazas de aparcamento** por detrás da capela do Carme. Ano e medio despois, segue a ser unha **tarefa pendente** malia a ser unha **cesión gratuita** para o Concello.

Ademais de mentir con respecto á **data de inicio das obras** do campo do Polvorín (o PSOE asegurou que empezarían en agosto cando nin sequera estaban contratadas), **a súa falta de previsión** trastoca a planificación da tempada dos clubs **sen unha alternativa** á altura das circunstancias.

...E DESMONTANDO O BNG

O BNGponse **de perfil** nos temas relevantes para Lugo e en vez de centrarse no seu traballo de goberno, o que fai é **oposición**:



Bloquea a posta en servizo do **aparcamento da Avenida de Breogán**. O Concello desentendeuse dun informe técnico do 1 de decembro que o advertía de que era preciso facer un **drenaxe na rúa Monte Pena Rubia**, de titularidade municipal, para atallar un problema que se daba antes das obras realizadas pola Xunta.

2. Reclamamos un **San Froilán** para todos e non só para uns poucos. Na Conta Xeral comprobamos como o BNG xestionou **máis dun millón de euros** nas patronais do ano pasado, polo que dicir que non poden traer un **concerto grande** porque non teñen diñeiro é un **insulto á cidadanía**.

Dicimos non á ditadura na xestión da **Praza de Abastos** e do **Mercado de Quiroga Ballesteros**. Reivindicamos a modificación dos **horarios de apertura**, recuperar o **servizo a domicilio**, actualizar a **web**, implantar **sistemas de climatización e accesibilidade** e mellor **mantemento** das instalacións.

4. O BNG acabou coa **Banda de Música** (pasou de 40 integrantes co goberno do PP aos 15 actuais), pon en risco o futuro da **Escola de Música** por falta de previsión e polo seu enfoque sectorial remata con eventos como o **Lugo Máxico**: nos últimos oito anos reduciu a súa programación á terceira parte.

Falta de **mantemento do firme dos viais públicos** e ausencia de planificación dos traballos. Incumpre o compromiso de garantir o bo estado das rúas e pistas, así como de mellorar a seguridade viaria. Casos coma os de **Fermín Rivera ou Rof Codina** demostran que a situación é insostible.

Sabías que...?

→ **33 290 euros**

É o que custou cada día de uso da rampa de baño no Miño

432.772,20 euros*

13 días de apertura

* Traslado de mexillóns + estruturas + custes salariais



ESTIVEMOS CONTIGO



Participamos activamente no **San Froilán**, compartindo distintos momentos das nosas festas patronais, nas que podemos gozar de tradicións coma os **traxes galegos**.



Sumámonos á **andaina solidaria** promovida pola Guardia Civil e a asociación de Amigos do Camiño de Santiago da Provincia de Lugo a beneficio de **Aspnais**.



Apoiamos a concentración en defensa da **liberdade de Venezuela** para reivindicar a democracia nese país e respaldar o colectivo de persoas venezolanas que residen no noso Concello.



Implicámonos na **Semana de Cine de Lugo**, promovida polo Grupo Fonmiña e na que os **ex presidentes da entidade** (Tomás Paniagua, Vicente Quiroga e Manrique Villafranca) recibiron unha **homenaxe**.



#EscoitaActiva



Continuamos coa nosa axenda de **reunións veciñais** en distintos barrios da cidade e en varias parroquias, coma as que desenvolvemos nestas semanas en **Magoi, Benade e A Ponte**.



Gozamos das **festas e celebracións** dos barrios e parroquias, coma as de San Mateo en **Paradai**; no seu pregón, Elena Candia eloxiou o tesón e bo facer desta Comisión de Festas, unha felicitación extensible ao resto de entidades veciñais.



Unímonos á **celebración do 'milagre de San Vicente'** promovido por Lugo Monumental para repartir o viño que manou desa fonte coincidindo coa **celebración de Santa Marta**, patroa da hostalería.



Apoiamos as reivindicacións dos veciños de Lugo **en contra da actual ubicación da planta de biometano**.



Acompañamos aos e ás participantes na **cuarta edición da Quedada Motorista**, que xuntou a centos de persoas o pasado 29 de setembro nunha vibrante xornada que comezou na Praza de Augas Férreas.



Máis coordinados ca nunca



Por un Lugo mellor conectado: baixo este lema celebramos recentemente unha reunión interparlamentaria na que o Grupo Municipal do PP se uniu ao da Deputación Provincial, ao do Parlamento de Galicia, ao do Congreso dos Deputados e ao do Senado na reivindicación de **mellores infraestruturas** e de **máis oportunidades** no ámbito industrial e social para o noso Concello e a nosa provincia.

Lugo non pode perder o tren

Desenvolveremos unha campaña para **evitar que Lugo** sexa das poucas capitais con 100.000 habitantes que **non teña AVE**.




Alfonso Rueda, no San Froilán



Contigo Lugo faise grazas ás túas achegas

 Praza Maior, 1

 grupomlugo.pp@lugo.gal

 618 626 902

 @PPLugolocal

 @PPConcelloLugo

 @ppconcellolugo

 @comunicacionplugo

Produto feito con papel certificado